

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 16 de xullo de 2009 pola que se convocan as Xornadas sobre políticas públicas en tempos de crise: austeridade, eficacia e fomento da economía de Galicia.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2009 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse as Xornadas sobre políticas públicas en tempos de crise: austeridade, eficacia e fomento da economía de Galicia, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

A situación actual de crise económica mundial xerou un profundo debate acerca da forma e os medios para superala. Neste sentido as políticas públicas, a xestión do sector público, así como o apoio ao sector privado, exixen unha profunda reformulación que proporcione respostas que nos permitan superar esta situación. A Escola Galega de Administración Pública pretende neste ámbito realizar a súa achega a este debate desde a perspectiva da xestión pública, e sobre a base da súa necesaria modernización e adaptación ao ámbito actual. A xestión deberá executarse, sobre todo polas comunidades autónomas, nun ámbito de austeridade, e sobre a base de criterios de eficiencia e economía.

Imponse polo tanto, sobre estas bases, a necesaria colaboración e interacción entre o sector público e o privado, partindo sempre da primacía do interese xeral, representado pola acción pública.

Neste contexto a EGAP organiza, no ámbito das súas competencias, estas xornadas, nas cales se pretende analizar e estudar a situación actual desde diferentes presupostos, para os efectos de proporcionarlle á Administración autonómica, en xeral, e á sociedade galega en particular, instrumentos e liñas

de actuación que poidan servir para a superación da crise.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Políticas públicas en tempos de crise.

-A acción do goberno en tempos de crise: liñas de actuación.

-Políticas fiscais e tributarias como instrumentos de superación da crise.

-As condicións do mercado laboral: perspectivas de futuro.

-A dirección das organizacións en tempos de crise: modelos de liderado.

-Mercados emerxentes para a Comunidade Autónoma de Galicia.

-Transporte marítimo: as autoestradas do mar.

-O sector forestal: problemática e alternativas de futuro.

-Políticas públicas de vivenda en tempos de crise.

-As novas tecnoloxías e o seu papel no desenvolvemento de Galicia.

-O proceso de Boloña.

3. Destinatarios.

Persoal ao servizo da Administración pública galega, especialmente aqueles vinculados aos ámbitos de responsabilidade, empresarios e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Datas: 28 e 29 de xullo de 2009.

Duración: 11 horas lectivas.

Horario:

-Día 28 de xullo, das 9.15 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 19.30 horas.

-Día 29 de xullo, das 9.30 ás 14.15 horas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela),

segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es.

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, de 8.30 a 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o venres 24 de xullo de 2009.

8. Modificacións.

A EGAP resérvase a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento das xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Será entregado un certificado de asistencia, ao final das xornadas, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2009.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE	
Apelidos	DNI
Nome	
2. DATOS PROFESIONAIS	
Posto de traballo/profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade en que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº Localidade Provincia CP Tfno.
Correo electrónico:	
3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
<p>Solicita asistir ás <i>Xornadas sobre políticas públicas en tempos de crise: austeridade, eficacia e fomento da economía de Galicia</i> que terán lugar os días 28 e 29 de xullo de 2009 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela</p> <p>..... de..... de..... de 2009</p> <p>Sinatura,</p> <p>Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).</p>	

(1, 2 e 3): Cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

DIRECTOR DA EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)